

Á XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

VICEPRESIDENCIA 2ª CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Asunto: Alegacións á solicitude de autorización administrativa previa e de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (de interese autonómico) en relación co proxecto Parque Eólico Monte Contado [*Monte Coutado*] e a súa infraestrutura eólica de evacuación, nos concellos de Castroverde e Lugo. Núm Exp. IN 408A 2017/13

D/Dña,....., con DI, actuando en nome e representación de....., na súa condición de, con enderezo a efectos de notificación en....., polo presente comparece ante esa administración e, como mellor proceda en Dereito,

DI

- I. Que no DOG Núm. 40 de 28 de febreiro de 2022, sométese a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Monte Contado [*Monte Coutado*], de 31,05 MW, na provincia de Lugo, con número de expediente IN 408A 2017/13, e promovido por Naturgy Renovables, S.L.U.
- II. Que, en tempo e forma, polo presente e en relación co aludido anuncio, en nome e representación de..... procédense a evacuar as seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.- Acerca do desenvolvemento anárquico e á marxe de avaliación ambiental estratéxica do sector eólico en Galiza.

A Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, recolle no seu artigo 53, que as autorizacións de parques eólicos de potencia superior aos 50 MW son competencia da Administración Xeral do Estado. No seu apartado 6, concretamente, contén a seguinte previsión normativa:

“6. Os procedementos administrativos de autorización terán carácter regulado e respectarán os principios de obxectividade, proporcionalidade, transparencia, igualdade e non discriminación (...)”.

Ben se pode soste que a tramitación do parque eólico (PE) citado constitúe un claro exemplo de non respectar o carácter regulado e o principio de proporcionalidade previsto na norma citada. Tal conclusión, lonxe de manifestarse sen fundamento, aséntase nas seguintes consideracións:

-Nestes momentos a Administración Xeral do Estado ten en diferentes fases de tramitación administrativa ata 2.524 MW, unha capacidade eólica á marxe das previsións e do “carácter regulado” da Planificación Eólica de Galiza, recollida na Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. No caso do PE Monte Coutado, ao que nos referiremos no sucesivo como equivalente ao “Monte Contado” (denominación toponímica que utiliza a promotora e que deturpa o topónimo orixinal), o mesmo insírese potencialmente nun proxecto fragmentado artificialmente, ao que nos referiremos máis adiante.

Semellante volume de proxectos en trámite implica un uso abusivo e irresponsable das competencias da Administración Xeral do Estado para o desenvolvemento de instalacións de xeración superiores a 50 MW, toda vez que tal expansión eólica modifica substancialmente a planificación eólica vixente na Galiza, e no seu conxunto pouco ten que ver cunha planificación eólica ordenada e que sexa coherente co deseño eólico considerado na Lei galega 8/2009.

-Dende a perspectiva da incidencia ambiental deste proxecto e, e en xeral de todos os proxectos en tramitación na Comunidade Autónoma de Galiza, cómpre considerar que a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, recolle no seu artigo 53, apartado 7, a seguinte previsión normativa:

“A Administración Pública competente unicamente poderá denegar a autorización cando non se cumpran os requisitos previstos na normativa aplicable ou cando teña unha incidencia negativa no funcionamento do sistema”.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle no seu preámbulo que a avaliación ambiental resulta indispensable para a protección do medio ambiente. Facilita a incorporación dos criterios de sostibilidade na toma de decisións estratéxicas, a través da avaliación dos plans e programas. E a través da avaliación de proxectos,

garántese unha adecuada prevención dos impactos ambientais concretos que poidan xerar, o tempo que establece mecanismos eficaces de corrección ou compensación.

Pola súa banda, a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle no seu artigo 6, sobre o “ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica”, a seguinte previsión normativa:

“1. Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña esixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma, cando:

a) Establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental e se refiran á agricultura, gandería, silvicultura, acuicultura, pesca, enerxía, minería, industria, transporte, xestión de residuos, xestión de recursos hídricos, ocupación do dominio público marítimo terrestre, utilización do medio mariño, telecomunicacións, turismo, ordenación do territorio urbano e rural, ou do uso do solo (...).”

Partindo da base das disposicións citadas, entendemos que a falta de sometemento a unha avaliación ambiental estratéxica de todo o conxunto do desenvolvemento eólico galego (o recollido na Planificación Eólica de Galiza dependente da Administración Autonómica, e o que se desenvolve de modo independente a través da Administración Xeral do Estado), implica non só que non se cumpran os requisitos previstos na normativa interna aplicable, senón tamén os que se derivan das seguintes normas do dereito da Unión Europea:

- Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de decembro de 2011, relativa a avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. (DOUE L 26 /1 de 28.01.2012)

- Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio ambiente e pola que se modifican, no que se refire a participación do público ó acceso a xustiza, as Directivas 85/337/CE e 96/61/CE do Consello.

- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001 relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. (DOCE nº L 197/30, 21-07-01)

Esta escandalosa falta de avaliación ambiental estratéxica da planificación eólica en Galiza, á súa vez, deriva “nunha incidencia negativa no funcionamento do sistema” e en “inseguridade xurídica”. A este respecto, o artigo 53.7 da Lei sector eléctrico, reza como segue:

“A) O sistema (referido á produción eólica planificada nun territorio) hai que entendelo coma un todo non fragmentado en partes sometidas a avaliacións ambientais independentes”.

Fronte a este deber ser, os feitos son que, en definitiva, a actual expansión eólica, suma da parte que promove a Administración Xeral do Estado e a que desenvolve a Administración Autonómica (a través do Decreto 302/2001), nin no seu conxunto, nin por separado, se ten sometido a dito proceso de avaliación coma Plan conxunto, conforme o disposto no artigo 6 da Lei 21/2013.

En fin, a falta de avaliación ambiental da planificación eólica en Galiza, alén diso e alén de equiparar a esta Comunidade Autónoma ao terceiro mundo en termos de sostibilidade e conservación da natureza, vai en contra da previsión de seguridade xurídica prevista na Lei 21/2013. Esa norma, no seu preámbulo, sinala que “asimesmo, esta lei incrementa a seguridade xurídica dos promotores. O establecemento duns principios aos que debe someterse a avaliación ambiental e o chamamento á cooperación no marco da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente determinará o desenvolvemento dunha lexislación homoxénea en todo o territorio nacional, que permitirá aos promotores coñecer de antemán cales serán as exixencias legais de carácter medioambiental requiridas para a tramitación dun plan, un programa o un proxecto, con independencia do lugar onde pretenda desenvolverse”.

SEGUNDA.- Acerca da complexidade técnico-xurídica do presente procedemento e da feble posición dos particulares afectados a respecto dos seus dereitos de participación no mesmo.

Ao proxecto de implantación de parque eólico que é obxecto do presente trámite de información pública, e en particular ao seu estudo de impacto ambiental e á súa autorización administrativa previa, resúltalle aplicable un corpo normativo que excede o propio ámbito do Dereito interno, autonómico ou estatal. Sen ánimo de exhaustividade, resultan de aplicación, entre outras, as seguintes normas:

-Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

-Convenio Europeo da Paisaxe, establecido en Florencia o 20 de outubro de 2000.

-Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

-Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

-Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

-Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Modificada por Lei 7/2018, do 20 de xullo, Lei 33/2015, do 21 de setembro e Real Decreto 1015/2013, do 20 de decembro, entre outras disposición.

-Real Decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

-Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.

-Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas. Modificado por Orde TEC/596/2019, do 8 de abril, Orde AAA/1351/2016, do 29 de xullo, Orde AAA/1771/2015, do 31 de agosto e Orde AAA/75/2012, do 12 de xaneiro.

-Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

-Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

-Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.

-Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.

-Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

-Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

-Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

-Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Entre a sociedade, e nomeadamente entre as persoas directamente afectadas polo desenvolvemento eólico, existe unha grande preocupación no modo no que este tipo de enerxía está a experimentar unha expansión que resulta irracional e desproporcionada, á vista do grande número de proxectos que se están a tramitar, tanto pola Administración Autonómica coma pola Administración Xeral do Estado.

Porén, ter cumprimentado o mentado trámite non pode levarnos a concluír, nin moito menos, a plena satisfacción dos dereitos da veciñanza á participación nos asuntos públicos. A lista de normativa á que acabamos de referirnos pon de manifesto, ben ás claras, as dificultades inherentes a poder evacuar unas alegacións acaídas fronte a un proxecto tecnicamente moi complexo e voluminoso nun prazo de 30 días hábiles. O proceso de implantación destas enerxías limpas, xa que logo, semella consistir nunha dinámica na cal quen pretende implantar o proxecto dispón dunha lexislación feita á súa medida, alén de plenitude de medios técnicos e económicos, e fronte esa parte, a contraparte nin dispón de medios económicos, nin dispón de coñecementos, nin dispón de normativa que ampare a súa posición. Xa que logo, enténdese oportuno deixar constancia de tan abraiante nivel de desigualdade.

TERCEIRA.- Consideración xeral sobre o carácter estritamente mercantil do proxecto eólico de referencia, a súa escasa ou nula incidencia positiva na loita

contra o cambio climático e as externalidades negativas derivadas da súa execución.

O proxecto obxecto das presentes alegacións, tal e como se atopa exposto, configúrase como un proxecto industrial de grandes dimensións, orientado unicamente ao reforzo do sistema oligopolístico de xeración de enerxía. Tal proxecto non se basea nunha planificación orientada ao aumento da eficiencia enerxética e ao aforro no seu consumo, nin tampouco ao fomento do autoconsumo e a produción en proximidade.


Non cabe, xa que logo, considerar que o proxecto de referencia é unha contribución positiva para a loita contra o cambio climático. Opostamente, supón unha perda significativa de superficie natural e un grave deterioro dos valores ambientais e servizos ecosistémicos, de tal maneira que os posibles beneficios da implantación da enerxía eólica quedan invalidados polas afeccións globais aos sistemas naturais, causada pola inxente demanda de materiais para a súa construción, ocupación do terreo, aumento de viais e accesibilidade a zonas sensibles, mortalidade e perda de hábitat para as especies e que son chave na loita contra o quecemento global e aparición de efectos ecolóxicos negativos en cadea. A todo o cal debe engadirse o incremento de risco que se derivará en materia de incendios forestais, dadas as dificultades que para a súa extinción se xerarán pola dimensión física dos aeroxeradores a empregar, e os efectos que este proxecto pode ter nos recursos hídricos dispoñíbeis e para abastecemento da poboación nun contexto climático crítico no que auga pasa a ser un ben escaso e valioso.

CUARTA.- Sobre a non adecuación do proxecto á “Zonificación ambiental para enerxías renovables: Eólica e Fotovoltaica”, definida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, cuxa versión final foi adoptada polo Acordo do Consello de Ministros do 16 de marzo de 2021, non establece ningún mecanismo de planificación territorial. No seu lugar, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, elaborou unha ferramenta que permite identificar as áreas do territorio nacional que presentan maiores condicionantes ambientais para a implantación de proxectos eólicos e fotovoltaicos, mediante un modelo territorial que agrupa os principais factores ambientais, cuxo resultado é unha zonificación da sensibilidade ambiental do territorio.

O proxecto do PE que nos ocupa sitúa todos os seus aeroxeradores e boa parte da poligonal en zonas de máxima sensibilidade ambiental e, por tanto, con indicadores de exclusión da enerxía eólica (valor numérico 0). Neste caso, os indicadores que convidan a excluír a zona de proxectos eólicos son a súa inclusión dentro da zona tampón e de

transición dunha Reserva da Biosfera, na de "Terras do Miño". O parque eólico atópase completamente inserido nunha zona tampón da Reserva da Biosfera, e a LAT está parcialmente na zona tampón e na de transición.



Área de máxima sensibilidade ambiental segundo a "zonificación ambiental para enerxías renovábeis" do MITERD que afecta o PE Monte Coutado.

QUINTA.- Sobre a colisión frontal do proxecto eólico de referencia cos obxectivos da Estratexia da UE sobre a biodiversidade.

Na Comunicación da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre a estratexia da UE sobre a biodiversidade de aquí a 2030 (Bruxelas, 20.05.2020, COM(2020) 380 final) pódese ler o seguinte:

"Investir na protección e recuperación da natureza será tamén fundamental para a recuperación económica de Europa tras a crise da COVID-19. Cando a economía volva poñerse en marcha, é fundamental non retroceder e evitar quedar atrapados en vellos hábitos prexudiciais. O Pacto Verde Europeo —a estratexia de crecemento da UE— serviranos de compás na recuperación e garantirá que a economía estea ao servizo das persoas e a sociedade e devolva á natureza máis do que lle quita. A protección da biodiversidade está totalmente xustificada desde o punto de vista económico. A industria e as empresas dependen de xenes, especies e servizos ecosistémicos como insumo crítico para a produción, en particular de medicamentos. Máis da metade do PIB mundial depende da natureza e dos servizos que esta presta, e tres dos sectores económicos máis importantes, a saber, a construción, a agricultura e os alimentos e bebidas, son fortemente dependentes dela. Para que, de aquí a

2030, se vaia recuperando a biodiversidade, debemos reforzar as medidas de protección e recuperación da natureza. Isto debe facerse mellorando e ampliando a nosa rede de espazos protexidos e desenvolvendo un ambicioso Plan de Recuperación da Natureza da UE.

Polo ben do noso medio ambiente e da nosa economía, e para apoiar a recuperación da UE tras a crise da COVID-19, temos que protexer a natureza con máis empeño. Neste sentido, na UE deben estar protexidos polo menos o 30% da superficie terrestre e o 30 % da mariña. Isto representa unha superficie adicional respecto á actual de polo menos un 4% de espazos terrestres protexidos e un 19 % de espazos mariños. O obxectivo axústase plenamente ao que se está proponendo no marco mundial para a diversidade biolóxica despois de 2020.

Neste contexto, debe prestarse unha atención especial aos espazos que teñan un altísimo valor ou potencial en canto a biodiversidade, xa que son os máis vulnerables ao cambio climático e requiren coidados particulares en forma de protección estrita. Na actualidade, só o 3 % dos espazos terrestres e menos do 1 % dos mariños gozan dunha figura de protección estrita na UE. Temos que facer máis e mellor por protexer eses espazos. Neste sentido, debe protexerse estritamente polo menos unha terceira parte dos espazos protexidos, o que representa un 10 % da superficie terrestre da UE e un 10 % da mariña. Isto tamén está en consonancia co que se propuxo como ambición mundial”.

Parece evidente que a desordenada proliferación de proxectos eólicos e fotovoltaicos que se está observando ao longo de todo o territorio español, está a poñer en xaque calquera obxectivo de conservación da biodiversidade xa que, tal e como recoñece o propio PNIEC, a implantación das enerxías renovables, debido aos seus especiais requirimentos de ocupación do territorio representa “unha das transformacións cuantitativamente máis relevantes que introduce o PNIEC en materia de xeración eléctrica”.

É por iso, que proxectos como o do parque eólico que se somete a información pública, resultan especialmente lesivos, tanto pola profunda transformación que implica para áreas de alto valor ecolóxico, como por significar un obstáculo de primeira orde para tentar lograr uns obxectivos de conservación coherentes coa estratexia de biodiversidade da UE.

Debemos facer fincapé en que a paupérrima superficie protexida como Rede Natura 2000 que ten Galiza (non chega ao 12% do seu territorio) e a deixazón que os gobernos competentes teñen manifestado de cara a ampliar esta Rede de Espazos Naturais Protexidos, incumprindo reiteradamente os requirimentos da UE, está favorecendo a

implantación de proxectos eólicos incompatibles coa conservación da natureza en áreas ou espazos potencialmente merecedoras de ser incluídas na Rede Natura 2000 e mesmo en áreas que xa no seu día formaron parte de propostas formais de ampliación da Rede galega de espazos protexidos Natura 2000. O incumprimento por parte da Administración Pública do seu deber de ampliación da Rede Natura podería implicar nos vindeiros meses unha inxente perda irrecuperábel de hábitats e especies de especial interese comunitario, claves na loita contra o cambio climático e esenciais para cumprir os obxectivos da UE en materia de biodiversidade de aquí a 2030, por mor da instalación de novos proxectos eólicos.

SEXTA.- Sobre a posible fragmentación artificial contraria a Dereito no presente proxecto e a inadecuada avaliación dos efectos acumulativos e sinérxicos.

Segundo se recolle no EIA do proxecto, a evacuación da enerxía xerada no parque eólico Monte Coutado, producirase desde a nova subestación eléctrica Monte Coutado ata a futura subestación eléctrica do parque eólico de Monciro *"(instalación tramitada en el proyecto del propio parque Monciro, siendo objeto del presente proyecto únicamente la ampliación de una posición de línea de 132 kV dentro de la SET)"* desde onde sae unha liña de alta tensión de 132kV ata outra subestación colectora que dá servizo a varios parques da zona, agás un, todos eles de Naturgy. Indícase que na SET Monciro haberá que ampliar a liña de 132 kV con tecnoloxía HIS e acometida soterrada, e engádese:

"Si bien se encuentra dentro del proyecto del parque eólico de Monte Contado, no afectará en términos de ocupaciones temporales ni permanentes debido a su inclusión en el vallado de la subestación Monciro".

Deste xeito, suxírese que a evacuación da enerxía do PE Monte Coutado estará condicionada ao desenvolvemento e compartimento de infraestruturas dependentes doutro proxecto eólico, alleo a este, pero propiedade do mesmo grupo promotor Naturgy (antes, Gas Natural Fenosa Renovables, S.L.U.). Este feito podería estar a suxerir que o PE Monte Coutado e o PE Monciro, situados un do outro a escasos 5km, poderían ser un mesmo macroproxecto, fragmentado intencionadamente en distintas fases e en proxectos menores con denominacións diferentes para esquivar a súa avaliación ambiental conxunta e poder acollerse ás vantaxes de simplificación administrativa que ofrece o goberno da Xunta fronte ao goberno do Estado, o cal tramita os proxectos eólicos superiores a 50 MW. Ben é sabido que ás veces estas operacións de fragmentación artificial de proxectos de parques ou de liñas de evacuación se acomete para evitar a competencia autorizatoria do Ministerio a favor da competencia da

administración autonómica. O que acontece cando se fragmentan os proxectos, sexa pola razón que sexa, é que se minoran as garantías de protección ambiental, ao aniquilar a posibilidade de avaliar conxuntamente o proxecto.

Que a fragmentación artificial ou de conveniencia deste tipo de proxectos non se axusta a Dereito é unha realidade que veñen corroborando os tribunais de xustiza en España dende hai anos. Recentemente vén de sentar xurisprudencia na prohibición da fragmentación dos parques a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-administrativo, Sección Quinta, nº 586/2022, de 9 de febreiro de 2022, ratifica e fai firme a setenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), pola que se anulan o PE Sasdónigas Fase I e Fase II por seren un mesmo proxecto e terse tramitado de forma irregularmente diseccionada. A proximidade de localización e o partillamento de infraestruturas eléctricas comúns obrigarían a someter ambas instalacións a unha avaliación ambiental global e non de forma separada, máxime tratándose de dous proxectos da mesma promotora.

Faise destacar a Sentenza do TSXG, Sala Terceira, nº 254/2020, de 9 de novembro, pola que se apreciou a fragmentación artificial do parque eólico Sasdónigas, en Mondoñedo, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 30 de marzo de 2017, nº 556/2017, ou a pioneira Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de abril de 2006, na que se pode ler o que segue:

"Se algún sentido ten dita figura (os parques eólicos), coa significación xurídica que diversas normas lle recoñeceron, é precisamente a de integrar en si varios aeroxeradores interconectados e dispoñelos de modo que non atenúen uns o rendemento eólico doutros, en zonas con determinados requisitos mínimos (velocidade e constancia do vento) co fin de optimizar o aproveitamento enerxético e diminuír os custos da súa conexión ás redes de distribución ou transporte de enerxía eléctrica. É consustancial, pois, aos parques eólicos o seu carácter unitario de modo que os aeroxeradores neles agrupados necesariamente han de compartir, ademais das liñas propias de unión entre si, uns mesmos accesos, un mesmo sistema de control e unhas infraestruturas comúns (normalmente, o edificio necesario para a súa xestión e a subestación transformadora). E, sobre todo, dado que a enerxía resultante ha de inxectarse mediante unha soa liña de conexión do parque eólico no seu conxunto á rede de distribución ou transporte de electricidade -pois non se cumprirían os criterios de rendemento enerxético e dun mínimo impacto ambiental se cada aeroxerador puidese conectarse independentemente, coa súa propia liña de evacuación da enerxía eléctrica producida, ata o punto de conexión coa rede eléctrica-, non é posible descompoñer, a efectos xurídicos, un parque eólico proxectado con estas características para diseccionar del varios dos seus aeroxeradores aos que se daría un tratamento autónomo".

En canto ao impacto negativo das operacións de fragmentación artificial de parques nas avaliacións ambientais, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 21 de febreiro de 2014, recaída no recurso 673/2009, contemplou no seu Fundamento de Dereito sexto o que segue:

“3ª. Diso despréndese que, prescindindo, dunha consideración de conxunto dos demais parques, a declaración de impacto ambiental realizada, efectuouse de forma fraccionada, iso é totalmente claro despois de que na mesma se prescindiu, como se desprende do informe precedentemente citado, da liña de evacuación eléctrica que conecta co sistema de distribución xeral, liña esta que ha de formar parte do parque ou parques analizados, e que sendo común aos dous, serve precisamente, entre outros elementos para considerar, para dar unidade a ambos. A non integración da devandita liña devaluou a declaración de impacto realizada, o que non pode paliarse cun estudo de sinerxías, que só considera determinados aspectos, como o de ruído e ambiental, que puiden constituír, si, un plus respecto a os proxectos analizados en conexión con outros, pero que non pode servir para paliar un defecto de concepción inicial, cal debeu ser unha análise conxunta de todos os elementos que han de integrar o único proxecto. Noutro caso, sempre quedaría ao criterio da Administración a escisión dos proxectos para avaliar completando posteriormente un estudo conxunto de ambos os a través de devandito estudo de sinerxías, que sempre deberá efectuarse nun proxecto unitario determinado polos elementos inescindibles que o compoñen.

4ª. As mesmas consideracións han de efectuarse respecto á duplicación en dúas dos procedementos de autorización, sendo copia mimética o un do outro, o que é expresivo de que nos atopamos, non ante dous proxectos, senón ante un só, xa que a admisión deste criterio permitiría, non duplicar senón triplicar, cuadruplicar... etc. o proxecto inicialmente concibido, fraccionando as avaliacións de impacto ambiental, que non pode ser duplicada, para cada un dos proxectos, senón que, por contra, a única garantía de analizar todas os aspectos que se han de incluír no mesmo, é desde unha visión conxunta, non fraccionada, sen que poida suplir esta carencia de orixe, recorrendo a unha análise posterior das sinerxías que se producen entre os elementos illadamente analizados”.

Poderase alegar, como se fai, que se procura o menor impacto nas infraestruturas de evacuación, poderase referir tamén a súa modularidade ou adaptabilidade, mais certamente, e no sentido apuntado por unha xurisprudencia cada vez máis consolidada, e que final e previsiblemente se terá que pronunciar ao respecto no presente caso, esta fragmentación artificiosa que se acomete ten por finalidade menoscabar as garantías inherentes aos procedementos de avaliación, pola vía de imposibilitar a avaliación


ambiental de conxunto dos proxectos. E para superar esa merma de garantías, dende logo, non resulta suficiente que nas avaliacións ambientais fragmentadas se acometan estudos de sinerxías, sobre os cales a xurisprudencia ten declarado o seu carácter incompleto e fragmentario. Así, a Sentenza do TSX de Castela-León, Sala de Valladolid, nº 1361/2014, de data 26/06/2014, Fundamento de Dereito sexto, resolución que declarou a existencia de fragmentación artificial:

“Prescindiendo, de una consideración de conjunto de los demás parques, la declaración de impacto ambiental realizada, se ha efectuado de forma fraccionada, ello es totalmente claro en cuanto que en la misma se ha prescindido, como se desprende del informe precedentemente citado, de la línea de evacuación eléctrica que conecta con el sistema de distribución general, línea esta que ha de formar parte del parque o parques analizados, y que siendo común a los dos, sirve precisamente, entre otros elementos a considerar, para dar unidad a ambos. La no integración de dicha línea ha devaluado la declaración de impacto realizada, lo que no puede paliarse con un estudio de sinergias, que solo considera determinados aspectos, como el de ruido y ambiental, que puede constituir, sí, un plus respecto a los proyectos analizados en conexión con otros, pero que no puede servir para paliar un defecto de concepción inicial, cual debió ser un análisis conjunto de todos los elementos que han de integrar el único proyecto. En otro caso, siempre quedaría al criterio de la Administración la escisión de los proyectos a evaluar completando posteriormente un estudio conjunto de ambos a través de dicho estudio de sinergias, que siempre deberá efectuarse en un proyecto unitario determinado por los elementos inescindibles que lo componen. (...) Las mismas consideraciones han de efectuarse respecto a la duplicación en dos de los procedimientos de autorización, siendo copia mimética el uno del otro, lo que es expresivo de que nos encontramos, no ante dos proyectos, sin ante uno solo, ya que la admisión de este criterio permitiría, no duplicar sino triplicar, cuadruplicar... etc. el proyecto inicialmente concebido, fraccionando las evaluaciones de impacto ambiental, que no puede ser duplicada, para cada uno de los proyectos, sino que, por contra, la única garantía de analizar todas los aspectos que se han de incluir en el mismo, es desde una visión conjunta, no fraccionada, sin que pueda suplir esta carencia de origen, recurriendo a un análisis posterior de las sinergias que se producen entre los elementos aisladamente analizados”.

Cómpre destacar que esta Sentenza foi ratificada en casación polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, en data 30/03/2017, por medio de Sentenza nº 1390/2017.

Pola súa banda, a Rede de Autoridades Ambientais (Subgrupo de coordinación de órganos ambientais na avaliación de impacto ambiental de proxectos de enerxías

renovables), en documento de Alcance de estudo de impacto ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre, recomenda que se a solicitude administrativa está en tramitación, “no caso de que o mesmo ou diferentes promotores soliciten autorización administrativa de varios parques cuxas evacuacións conflúan a unha mesma nova subestación ou requiran una mesma nova liña de conexión coa rede de transporte de REE preexistente, sempre que o órgano substantivo que deba tramitar e outorgar as respectivas autorizacións sexa o mesmo, para facilitar a avaliación dos efectos acumulados e sinérxicos recoméndase a súa tramitación simultánea, a elaboración dun estudo de impacto ambiental único para todos eles e solicitar a acumulación das correspondentes avaliacións de impacto ambiental nun único procedemento (artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de que os parques que comparten elementos de evacuación estean promovidos polo mesmo promotor, suxírese expor a súa autorización substantiva como un único proxecto.”



Esquema das instalacións de evacuacións previstas.

En calquera caso, o proxecto básico verbo do que alegamos e, en particular, o estudo de impacto ambiental, **non se acomete adecuadamente unha avaliación acaída de impactos acumulativos e sinérxicos**, especialmente daqueles derivados da acumulación de parques eólicos e das súas liñas de distribución e transporte nun mesmo espazo (maior efecto barreira, impacto visual, ruídos, etc.), e **nomeadamente polo que atinxe ao termo municipal de Castroverde**.

En canto aos efectos sinérxicos nunha envolvente de 20 km, o anexo 11 do EIA, titulado “Estudio de sinergias”, non se leva a cabo un estudo sobre o impacto sinérxico sobre a fauna e a posible perda de conectividade ecolóxica, limitando este estudo só ao impacto paisaxístico e de visibilidade e, por tanto, desconsiderando calquera impacto sinérxico de carácter ecolóxico nun radio superior a 5 km. Por outra parte, no mesmo anexo, non

se describen adecuadamente cales son as infraestruturas a analizar nesta envolvente de 20km, xa que tal descrición se atopa incompleta. Ver o seguinte extracto na pax. A11-3 (anexo 11):


3.1. Envolvente de 20 km

El estudio de sinergias en la envolvente de 20 km se va a realizar con parques eólicos existentes, ya estén en explotación o autorizados o en fase de tramitación (de acuerdo con la información obtenida de la Xunta de Galicia (*Rexistro Eólico de Galicia a fecha de septiembre de 2021*) y del Instituto Geográfico Nacional (BTN25), así como las distintas líneas eléctricas existentes obtenidas del Instituto Geográfico Nacional (BTN25). Los parques eólicos y las líneas eléctricas existentes en esta envolvente pueden verse en la **¡Error! No se encuentra el origen de la referencia..**

Dentro de este ámbito se analizan los efectos acumulativos y sinérgicos sobre el medio socioeconómico y sobre el paisaje.

No radio de 20 km **desde o PE Monte Coutado atópanse outros 9 parques eólicos**, dos cales 6 están autorizados ou en explotación (PE Monciro, PE Picato, PE Punago, PE Serra da Lagoa, PE Serra do Punago e Pe Serra do Punago-Vacariza) e 3 en tramitación (PE Batifol, PE Navallos, PE Reboiro). Destes, PE Monciro, PE Picato, PE Serra do Punago-Vacariza e o PE ao que se alega neste escrito, **en total 4, están promovidos por promotoras do Grupo Naturgy**. E **todos eles, agás un, afectan ao termo municipal de Castroverde**, sendo este municipio o que sofre o maior impacto sinérxico derivado das infraestruturas de produción e evacuación da enerxía autorizadas, en explotación ou en tramitación de todos os municipios situados na envolvente de 20 km. Por tanto, Castroverde xa conta cunha boa carga sinérxica e acumulativa de impactos relacionados con infraestruturas de xeración eléctrica, nomeadamente eólica, á que se lle sumaría agora á de PE Monte Coutado.

Nun radio de 5 km da zona de implantación do Parque eólico Monte Coutado atópanse actualmente en funcionamento o PE Monciro, que explota a mesma promotora do PE Monte Coutado, e outro en tramitación (PE Batifol) sobre o cal quen subscribe estas alegacións descoñece o actual estado de tramitación e o nome da empresa promotora.



Dada a proximidade física entre os proxectos e a súa afección aos mesmos espazos naturais, especies, patrimonio ou poboación, é precisa unha análise exhaustiva, ecosistémica e participada que garanta un modelo de desenvolvemento rural equilibrado da zona afectada, no sentido do disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que establece que calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos espazos da Rede Natura 2000 ou das zonas propostas para a súa inclusión en Rede Natura 2000, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, tendo en conta os obxectivos de conservación.


Ademais a proximidade deste proxecta a unha capital de provincia, como é Lugo, con máis de 98.000 habitantes incrementa o impacto deste e doutros proxectos ao redor sobre a poboación, tanto por número de habitantes receptores do impacto como pola densidade de poboación das zonas próximas ao parque eólico Monte Coutado.

Moi ao contrario do que se indica no proxecto (*"Asimismo, el proyecto conllevará tanto una mejora de la infraestructura eléctrica en la zona, como un aumento de la calidad ambiental derivada del uso de energías renovables asociadas a parques eólicos"*) a presenza do mesmo (xunto coa presenza doutros proxectos precedentes ou autorizados na zona) non vai significar un aumento na calidade ambiental global da mesma, xa os efectos sinérxicos deste coas demais infraestruturas eólica a zona, implican a eliminación de superficies con hábitats comunitarios de interese prioritarios, claves para afrontar o cambio

climático, afectan aos recursos hídricos procedentes dos cumios dos montes que abastecen de auga aos núcleos de poboación máis próximos e a bacía do Miño, e impactan significativamente en termos visuais e paisaxísticos, alén de non crear postos de traballo na fase de explotación e condicionar a pervivencia doutros usos do territorio tradicionais e esenciais para a sustentabilidade da zona, como é a agricultura, a gandería ou o turismo, como máis adiante comprobaremos.

Segundo se indica no EIA a superficie visible dos parques eólicos e liñas eléctricas existentes na envolvente de 20 km, excluindo o parque eólico en proxecto, xa abarca as 138.937, 54 ha, 99,2% do total da envolvente, porcentaxe que acadaría o 100% se lle sumamos a instalación eólica á que se está alegando. Ademais, esta sería a que, xunto co PE Picato, estaría máis próxima á capital da provincia lucense.

Tamén resulta curioso que, na táboa de poboacións máis afectadas, non se refira a de Lugo, cidade desde que serán visibles na súa totalidade tanto o parque eólico como a LAT; así como tamén sería visibles desde os espazos incluídos na Rede Natura 2000 máis próximos: ZEC ES1120003 Parga-Ladra-Támoga e ZEC ES1120004 A Marronda. O efecto sinérxico sobre o impacto visual nos espazos naturais protexidos próximos sería moi alto e significativo.



Proxectos autorizados, en tramitación ou instalados a uns 5k do PE Monte Coutado.

SÉPTIMA.- En canto ás afeccións medioambientais do proxecto eólico Monte Coutado.

O artigo 35 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, dispón o seguinte a respecto da información que debe conter o estudo de impacto ambiental:

Artigo 35. Estudo de impacto ambiental.

1. Sen prexuízo do sinalado no artigo 34.6, o promotor elaborará o estudo de impacto ambiental que conterá, polo menos, a seguinte información nos termos desenvolvidos no anexo VIN:

a) Descrición xeral do proxecto que inclúa información sobre a súa localización, deseño, dimensións e outras características pertinentes do proxecto; e previsións no tempo sobre a utilización do chan e doutros recursos naturais. Estimación dos tipos e cantidades de residuos xerados e emisións de materia ou enerxía resultantes.

b) Descrición das diversas alternativas razoables estudadas que teñan relación co proxecto e as súas características específicas, incluída a alternativa cero, ou de non realización do proxecto, e unha xustificación das principais razóns da solución adoptada, tendo en conta os efectos do proxecto sobre o medio ambiente.

c) Identificación, descrición, análise e, se procede, cuantificación dos posibles efectos significativos directos ou indirectos, secundarios, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre os seguintes factores: a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, a xeodiversidade, o chan, o subsolo, o aire, a auga, o medio mariño, o clima, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados, durante as fases de execución, explotación e no seu caso durante a demolición ou abandono do proxecto.

Incluirase un apartado específico para a avaliación das repercusións do proxecto sobre espazos Rede Natura 2000 tendo en conta os obxectivos de conservación de cada lugar, que inclúa os referidos impactos, as correspondentes medidas preventivas, correctoras e compensatorias Rede Natura 2000 e o seu seguimento.

Cando se comprobe a existencia dun prexuízo á integridade da Rede Natura 2000, o promotor xustificará documentalmente a inexistencia de alternativas, e a concorrencia das razóns imperioso de interese público de primeira orde mencionadas no artigo 46, apartados 5, 6 e 7, da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Cando o proxecto poida causar a longo prazo unha modificación hidromorfolóxica nunha masa de auga superficial ou unha alteración do nivel nunha masa de auga subterránea que poidan impedir que alcance o bo estado ou potencial, ou que poida supor unha deterioración do seu estado ou potencial, incluirase un apartado específico para a avaliación das súas repercusións a longo prazo sobre os elementos de calidade que definen o estado ou potencial das masas de auga afectadas.

d) Incluirase un apartado específico que inclúa a identificación, descrición, análise e se procede, cuantificación dos efectos esperados sobre os factores enumerados na letra c), derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos

de accidentes graves ou de catástrofes, sobre o risco de que se produzan devanditos accidentes ou catástrofes, e sobre os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente, en caso de ocorrencia dos mesmos, ou ben informe xustificativo sobre a non aplicación deste apartado ao proxecto.

Para realizar os estudos mencionados neste apartado, o promotor incluírá a información relevante obtida a través das avaliacións de risco realizadas de conformidade coas normas que sexan de aplicación ao proxecto.

e) Medidas que permitan previr, corrixir e, no seu caso, compensar os posibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente e a paisaxe.

f) Programa de vixilancia ambiental.

g) Resumo non técnico do estudo de impacto ambiental e conclusións en termos facilmente comprensibles.

Pois ben, no caso que nos ocupa, debemos comezar por salientar que o Estudo de Impacto Ambiental obvia as indicacións do documento "Alcance de Estudio Ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre", decembro de 2020, elaborado pola Rede de Autoridades Ambientais constituída a proposta da Comisión Europea e coordinada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O mentado documento indica que se deben considerar e evitar alternativas polo menos cos seguintes criterios ambientais:

-Incompatibles coa planificación sectorial/territorial de enerxía ou cos instrumentos de ordenación do territorio e planificación do solo.

-En **áreas onde se prexudiquen as estratexias de desenvolvemento local ou rural do territorio**, ou deteriorenen a aptitude do medio rural para o restablecemento da poboación, ou sexan incompatibles con outras formas de desenvolvemento sostible susceptibles de xerar máis emprego e de fixar máis poboación no medio rural.

-Que provoquen un gran rexeitamento da poboación local e as súas institucións.

-De parques e subestacións **a menos de 2 km de núcleos habitados**, áreas con usos sensibles (residencial, sanitario, docente ou cultural) ou vivendas.

-De tendidos eléctricos de alta tensión **a menos de 200 m de núcleos habitados ou a menos de 100 m de vivendas illadas.**

-De parques eólicos en espazos pertencentes á Rede Natura 2000 e na súa inmediata contorna (1-5 km para ZECs/ LICs con quirópteros e 2-10 km para ZEPAs), e en espazos naturais protexidos de calquera tipo e áreas protexidas por instrumentos internacionais e as súas respectivas zonas periféricas de protección.

-De parques en áreas críticas de plans de conservación ou recuperación de especies ameazadas de flora ou fauna (aves e quirópteros).

-De parques e de tendidos aéreos sobre elementos de infraestrutura verde formalmente recoñecidos polo seu valor para a migración ou o movemento das aves ou quirópteros (corredores ecolóxicos entre espazos Natura 2000, zonas de concentración de fluxos migratorios ou zonas vitais para a mobilidade de especies crave), así como sobre outros elementos da paisaxe que sempre teñen función de conectividade para aves ou quirópteros: ríos, humidaes, coladoes de montaña, bosques illa, refuxios ou outros focos de concentración.

-Do parque ou subestación que ocupen dominio público hidráulico (incluída a rede hidrográfica e os humidaes permanentes ou estacionais), zona de servidume, zonas inundables ou zonas de protección de captacións.

-Que ocupen montes de utilidade pública, vías pecuarias, outros bens de dominio público ou elementos declarados infraestrutura verde.

-En Lugares de Interese Xeolóxico.

-De parques, tendidos ou subestacións dentro ou na contorna de paisaxes naturais ou culturais protexidos, **de áreas con obxectivos de calidade paisaxística incompatibles** coa presenza dos parques, ou de áreas englobadas en catálogos de paisaxes singulares ou sobresaíntes.

-Con nivel risco de impacto ambiental fronte a accidentes graves ou catástrofes moi elevado.

Así mesmo, tanto a Xunta como o Estado español están tamén obrigados a cumprir os obxectivos marcados pola Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, por canto esta reza:

Artigo 2

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario.

Artigo 6

1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.

2. Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.

3. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.

Considerando os criterios aludidos, a Xunta e o Estado español deben garantir o cumprimento dos obxectivos que en materia de conservación da natureza marca a normativa da Unión Europea, de efecto directo, o cal resulta especialmente relevante en

canto ás seguintes eivas en materia medioambiental que se derivan do EIA relativo ao proxecto do parque de referencia:


1. O proxecto elimina superficies con hábitats prioritarios de interese comunitario.

O proxecto afecta a hábitats naturais de interese comunitario e prioritarios protexidos pola Directiva 92/43/CEE do 21 de maio de 1992. Pola contra, si que existe afectación significativa a hábitats de interese comunitario. Na área de afectación localízase polo menos un hábitat de interese prioritario para UE:

- **91E0*** Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, que se verá afectado significativamente e de xeito irreversible pola estación eólica e a súa infraestrutura de evacuación.

Ademais, tamén se atopan teselas dos seguinte hábitats de interese comunitario:

- **4030** Breixeiras secas europeas



Especialmente os aeroxeradores L8-04, L8-05 e L8-06 situaríanse a carón ou enriba (L8-05 e L8-06) do hábitat de interese prioritario 91E0* Bosques aluviais que ficaría drasticamente afectado tamén polas servidumes das infraestruturas. Así mesmo a liña de evacuación tamén afecta directamente á conservación deste

hábitat prioritario ao situárense varios dos seus pés enriba da tesela cruzando esta dun lado ao outro e provocando a ruptura da continuidade do hábitat prioritario. Por outra banda, o aeroxerador L8-01 colócase enriba da tesela relativa a outro hábitat de interese europeo (4030), relativo a breixerías secas europeas, o cal tamén se verá afectado polas áreas de servidume do L8-02.

Ambos hábitats de interese comunitario ocupan arredor dun 70% da poligonal do parque eólico Monte Coutado, poñendo en risco a conservación dos mesmos nunha extensa área de superficie, xa que os servidumes e áreas de protección eólica de varios aeroxeradores e da LAT caen enriba deste tipo de hábitats.

2. O proxecto afecta ao corredor ecolóxico de conectividade entre varios Espazos Naturais Protexidos pertencentes á Rede Natura 2000.

Aínda que nin o parque eólico nin a poligonal do proxecto están dentro da rede de Espazos Naturais Protexidos, a súa área de implantación sitúase no corredor de conectividade ecolóxica, principalmente, entre tres zonas de Rede Natura 2000: ZEC ES1120003 Parga-Ladra-Támoga, ZEC ES112009 Miño-Neira e ZEC ES112004 A Marronda, situadas todas elas a menos de 15 km do proxecto PE Monte Coutado.

O modelo de protección da Rede Natura 2000 baséase na constitución dunha rede ecolóxica, o que implica o recoñecemento dos elementos necesarios para a súa vertebración, máis aló dos espazos LIC e ZEPA. A mellora da coherencia ecolóxica e a conectividade da Rede Natura 2000 mediante a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión dos elementos da paisaxe e áreas territoriais esenciais ou de primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora, está expresamente regulado nos arts. 3.3 e 10 da Directiva 92/43 de Hábitats y en el art. 46 de la Lei 42/2007.

A Estratexia da UE sobre a Biodiversidade para 2030, publicada o 2 de maio de 2020, explicita entre os seus principais obxectivos o establecer unha rede coherente de espazos protexidos e un plan de recuperación da natureza da UE. Para o que expón a identificación e designación de **novos espazos protexidos** e **corredores ecolóxicos** e a ampliación dos espazos protexidos existentes.

Neste mesmo senso, a área de afección do parque eólico, considerada ademais polo Ministerio de Transición Ecolóxica como unha área de moi alta sensibilidade ambiental, constitúe un espazo potencialmente subsceptible de ser incorporado na futura ampliación da Rede Natura como espazo natural protexido ou como corredor ecolóxico entre varios dos espazos naturais protexidos na provincia de Lugo.

Neste mesmo senso, en España aprobouse, en outubro de 2020, a Estratexia de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas, cuxo principal obxectivo é restaurar ecosistemas danados e **consolidar unha rede de zonas naturais e seminaturais** terrestres e mariñas **totalmente funcionais e conectadas en España para o ano 2050**.

É máis que evidente que un proxecto como o que nos atinxe aquí oponse aos obxectivos de ambas estratexias.


3. O proxecto afecta a áreas protexidas a nivel internacional. Afectación á áreas tampón e núcleo da Reserva da Biosfera “Terras do Miño”.

Como ben se indica no EIA do parque eólico Monte Coutado, este contempla todas as súas instalacións dentro do ámbito da Reserva da Biosfera “Terras do Miño”, declarada pola UNESCO. As reservas da biosfera son espazos recoñecidos polo Programa Home e Biosfera (MaB) da UNESCO nos que se promove un desenvolvemento sostible e a compatibilidade entre as actividades socioeconómicas das comunidades locais e a protección da natureza. Porén a implantación dun parque eólico industrial de tal envergadura na zona de proxección, eminentemente agroforestal e próxima a varios núcleos de poboación, pon en risco a permanencia das actividades tradicionais da zona e a conservación da paisaxe e da biodiversidade, elementos chave a conservar no programa MaB da UNESCO.

O parque eólico Monte Coutado (viais e aeroxeradores) atópase integramente na “zona tampón” ou de amortecemento da Reserva da Biosfera “Terras do Miño”. Estas son zonas con especial densidade de poboación onde só se realizan actividades compatibles coa conservación da natureza e que serven para amortecer os impactos das accións humanas sobre as zonas núcleos. Unha das

zonas núcleo discorre a carón da liña da poligonal eólica, no seu lado sur. A liña de alta tensión asociada ao parque discorre en boa parte por zonas tampón da reserva da biosfera (a que se atopa na área de instalación do parque eólico Monte Coutado e a que se atopa na área de implantación do PE Monciro, co que liga a LAT do PE Monte Coutado). Por outra parte, moi próxima ao aeroxerador L8-08 e L8-09 atópase unha superficie de zona núcleo da reserva da biosfera.

A implantación dun parque eólico industrial nesta área podería facer perder a esta área de afección tal zonificación, incluso podería supoñer a retirada da figura de protección da UNESCO.



Valores naturais


Zonificación de la Reserva de la Biosfera "Terras do Miño"

-  Zona Núcleo
-  Zona Tampón
-  Zona de Transición
-  IBA "Terra Chá"

-  Aerogeneradores
-  LAT aérea

4. **O proxecto afecta a varias especies faunísticas Vulnerables e non avalía convenientemente o impacto sobre a avifauna.**

Debemos destacar que o parque eólico e a súa liña de evacuación se sitúan próximos (a uns 3km ao norte do parque) a unha Área prioritaria para a avifauna ameazada, Zona de protección de avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión e á IBA Terra Chá, aspecto que curiosamente non se avalía na separata do estudo específico sobre avifauna integrado no proxecto, nin tampouco se avalía adecuadamente no EIA xeral, conferindo esta unha deficiencia técnica de relevancia á hora de analizar as posibles consecuencias do proxecto sobre a avifauna da zona.



Para os quirópteros, estaría afectada unha especie do Catálogo Galego de Especies Ameazadas: *R. hipposideros* (morcego de ferradura), e tamén outras

tres especies: morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*), morcego das hortas (*Eptesicus serotinus*) e o nóctulo pequeno (*Nyctalus leisleri*). Tamén se detectou a presenza de morcegos do xénero *Myotis* sp.

Dado que os parques eólicos son a primeira causa de mortalidade dos morcegos a nivel mundial (O'Shea et al., 2016) obriga a adoptar medidas especiais que xa se teñen acordado en distintos organismos internacionais, *Bats and Wind Energy Cooperative* (<http://batsandwind.org/>), *UNEP/EUROBATS* (<https://www.eurobats.org/node/874>) e, no Estado, *SECEMU* (González et al., 2013). A análise do impacto do proxecto sobre os morcegos é pouco concreta e rigorosa e a información achegada ao respecto carece de calidade e non avalía tampouco o impacto global do conxunto de parques eólicos da zona sobre os quirópteros. O proxecto carece dun estudo preoperacional de quirópteros e dun plan de seguimento que permita avaliar a incidencia real das infraestruturas na quiropterofauna, seguindo as directrices e metodoloxías marcadas polos anteditos organismos internacionais e estatais. Non cumpre, por tanto, cos mínimos necesarios de rigor técnico de avaliación de impacto ambiental sobre quirópteros, expresados na Lei 21/2013 na Directiva 2014/52/UE.

Prevese unha especial afectación ás especies de anfibios presentes na zona de estudo e catalogadas como Vulnerables polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas: *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Hyla arborea*, *Salamandra salamandra*, *Disoglossus galganoi*. Porén non se establecen medidas específicas de prevención ou mitigación dos impactos.

5. En canto aos prexuízos sobre o lobo, agora especie protexida.

O estudo de impacto ambiental do proxecto non incorpora a avaliación das afeccións do proxecto sobre esta especie, atendendo ao seu novo status legal como especie protexida, segundo a Orde TED/980/2021, de 20 de setembro, pola que se modifica o Anexo do Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo de Especies Ameazadas (BOE, Núm 226, de 21 de setembro).

Porén, o proxecto afecta a unha zona 2, clasificada así polo Plan de Xestión do Lobo de Galicia, aquelas áreas de importancia intermedia para aplicar e fomentar

medidas de prevención de danos producidos polo lobo. Na área de estudo sitúanse zonas de encame e puntos de encontro da especie, que se verán alterados pola totalidade das infraestruturas eólicas que fragmentan os hábitats desta especie con marcado carácter territorial.

Por outra banda, o Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979, inclúe o lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6.

O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

6. O PE Monte Coutado ten unha especial afección sobre os recursos hídricos.


Tratándose dun proxecto eólico moi próximo a núcleos de poboación que se abastecen dos regos e captacións de auga que proceden do Monte Coutado, convén resaltar que a zona de afección debería considerar de forma especial os impactos sobre os recursos hídricos. A retirada de vexetación e os movementos de terra, así como as cimentacións das infraestruturas e a construción de todas as instalacións eléctricas asociadas poderían alterar de forma significativa a estrutura edáfica, e con ela, o sistema hídrico do monte. O parque eólico atópase na liña divisoria entre as bacías dos ríos Rozas, Fervedoira e Do Couto e a liña atópase case na súa totalidade na bacía do río Romeán. Todos eles, xunto con multitude de regatos procedentes do cumio que abastecen de augas núcleos de poboación próximos, conflúen na bacía do Miño-Sil, e nutren de auga boa parte das zonas inundables do sistema Miño-Alto.

A liña de alta tensión ademais cruza varios regos (Meda, Vilafrío e Seixiños) e zonas de policía e dominio público hidráulico.

Dentro da poligonal eólica tamén se atopan os “Lagos de Teixeira” conformados por tres zonas húmidas catalogadas no Inventario de Zonas Húmidas de Galicia, e área de lecer e ocio para a poboación de Lugo, e que se nutre directamente das augas procedentes do Monte Coutado.

Existen tres captacións subterráneas de auga que aparecen na zona de instalación do parque eólico (2 que dan servizo á comunidades de montes veciñais), das cales a particular é a que ten un aeroxerador máis próximo (L8-06), a uns 100 metros). A concesión particular corresponde ao código A/27/13764 e ten un caudal concedido entre 3.000 e 7.000 m.c./ano, segundo información obrante no organismo de bacía.

Tamén aparece referida unha captación de auga superficial e a afectación a unha zona de protección de augas mineiro-termais que pertencen á concesión do Balneario de Lugo (ES010PAMT1108100011), onde se sitúan a maioría dos aeroxeradores, concretamente, os localizados no termo municipal de Lugo. O EIA non avalía adecuadamente os efectos que o parque eólico pode ter sobre esta zona de protección de augas mineiro-termais.



Plano de captacións de augas e concesións mineiro-termais no Monte Coutado.

No estudo de impacto ambiental tampouco se contemplan todas as captacións de auga das que se abastecen as poboacións afectadas e das que dependen, en grande medida, a actividade agropecuaria da zona.

OITAVA.- O proxecto ten un impacto moi significativo sobre a paisaxe.

No EIA non se consideran as graves afeccións á paisaxe que se derivarían da efectiva implantación do proxecto eólico de referencia, nin o impacto das mesmas sobre o desenvolvemento local. A zona de afectación atópase na Gran Área Paisaxística de Chairas e Foxas Luguesas, segundo o Catálogo de Paisaxes de Galiza, caracterizada por ser unha zona de aproveitamento agro-gandeiro e agro-forestal e moi ligadas á economía local. Parte do proxecto inclúese na comarca da Terra Chá, que inclúe o aeroxerador L8-05 e os apoios 1 ao 10 da LAT, e o resto das instalacións sitúanse na comarca de Lugo.

A paisaxe, tal e como recolle Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia, é un elemento esencial no benestar e calidade de vida das persoas, formando parte do noso patrimonio natural e cultural. Debe lembrarse que o Estado español, por outra banda, ratificou o Convenio Europeo da Paisaxe, establecido en Florencia o 20 de outubro de 2000 (ratificación publicada no BOE nº 31, de 5 de febreiro de 2008).

No relativo ao impacto paisaxístico e a análise de visibilidade, o proxecto eólico de referencia indica que a afectación é medio-alta, e que desde o punto de vista da entidade alegante **debería considerarse alta-moi alta**. Tal e como xa referíamos no punto relativo aos impactos sinérxicos, a proximidade do proxecto á capital lucense, desde onde podería ter ata 98.000 espectadores constantes, xunto coa poboación dos núcleos habitados integrados na poligonal do parque ou próximos á mesma, infire un impacto paisaxístico imposible de esquivar. Debemos ter en conta que os aeroxeradores que se propoñen neste proxecto teñen unha altura, contando coa torre ata a punta de pá, de **223 metros**, sendo dos poucos proxectos en tramitación que ata o momento propoñen muíños eólicos de altura superior a 200 metros.


Porén recoñécese no EIA que tanto os aeroxeradores como a LAT están nunha “zona de visibilidade alta” e que afecta tamén a unha “ampla” conca visual. Así pois son numerosos os puntos de observación desde onde os aeroxeradores e as súas infraestruturas asociadas poden ser observados por completo.

Merece destaque tamén a **especial visibilidade que o proxecto terá desde o Camiño Primitivo a Santiago**, situado a pouco máis de 1 quilómetro dos aeroxeradores de tal altura.

Convén ter en conta o impacto visual que terá tamén sobre a IBA Terra Chá, lugar de especial interese para a observación de aves, e situada a apenas 3 km ao norte, ou sobre os espazos de Rede Natura próximos como son as Zonas de Especial Conservación ZEC Parga-Ladra-Támoga ou ZEC A Marronda (esta última tamén é unha Área de Especial Interese Paisaxístico -AEIP "A Marronda, O Ribón e Monte Grande", apenas situada a 8 km do proxecto). A uns 10 km tamén se atopa a AEIP Castro de Viladonga e a AEIP Alto Miño, polo que o proxecto eólico afectaría irremediabilmente a calidade paisaxística destes espazos e da súa contorna.

De forma drástica verase afectada a calidade paisaxística da carballeira de San Pedro de Labio, situada ao pé de varios aeroxeradores, cuxa merma paisaxística redundará na baixada do nivel de interese paisaxístico dos municipais de Castroverde e Lugo.

Débese destacar tamén a ausencia de mención no EIA das rutas de sendeirismo que existen máis próximas á zona de instalación e que forman parte da oferta de ocio e lecer da natureza que ofrecen tanto o municipio de Castroverde como o de Lugo. O exemplo máis representativo é a ausencia de mención da ruta ou roteiro natural entre Montecubeiro e Barredo, xa afectado polo PE Monciro e agora tamén polo do PE Monte Coutado, onde remata esta ruta.



Roteiro Montecubeiro-Barredo, no que o Monte Coutado é parte esencial.

O propio proxecto publicamente exposto identifica o 95% dos establecementos turísticos (99 en total) das comarcas da Terra Chá, Meira e Lugo nun radio de menos de 10 km ao proxecto eólico Monte Coutado, o que dá idea da repercusión que este proxecto de elevado impacto paisaxístico pode ter para o sector turístico destas tres comarcas.

Tampouco se debe desprezar a consecuente diminución do valor de mercado das terras e a perda de espazos singulares que veñen sustentando o desenvolvemento turístico destes municipios.

O impacto paisaxístico do proxecto xunto co seu impacto sobre o patrimonio cultural dos municipios afectados (que veremos a continuación), poñen en risco o interese polos recursos culturais e turísticos dos mesmos.

NOVENA.- En canto ao impacto severo do proxecto sobre o patrimonio cultural, a falta de avaliación do impacto sobre o Camiño de Santiago e o patrimonio cultural inmaterial.

O PE Monte Coutado afectaría de forma directa e indirecta a máis de 24 elementos patrimoniais inventariados e/ou localizados, e vai ter un impacto significativo sobre o Camiño Primitivo de Santiago.

15 xacementos arqueolóxicos rexistrados:

- o GA27011004 Mámoa 1 de Monte Fontela
- o GA27011005 Mámoa 2 de Monte Fontela
- o GA27011006 Mámoa 1 do Outeiro do Can
- o GA27011007 Mámoa 2 do Outeiro do Can
- o GA27011008 Mámoa 3 do Outeiro do Can
- o GA27011071 Castro da Croa
- o GA27011105 Mámoa 8 da Serra de Monciro
- o GA27011106 Mámoa 9 da Serra de Monciro
- o GA27028081 Monte Castelo
- o GA27028171 Pena da Ermida
- o GA27028170 Mámoa do Monte da Medorra
- o GA27046REF21 Mámoa 5 de Monte Amorín

5 xacementos arqueolóxicos detectados na prospección:

- o GA27011... Mámoa de Ferreira
- o GA27011... Mámoa 1 das Chousas
- o GA27011... Mámoa 2 das Chousas
- o GA27011 REF. Mámoa 3 das Chousas
- o GA27028... Mámoa de Fompedriña

2 elementos de patrimonio arquitectónico:

- o LB-03 - Igrexa de Labio
- o LB-04 - Escola de Airexe

1 elemento de patrimonio etnolóxico:

- o Cruz da Chousa de Andrés

Vías culturais:

Camiño de Santiago – Camiño Primitivo

De todos eles, 16 elementos patrimoniais atópanse dentro da área de estudo e da poligonal do parque eólico e están afectados directamente polas obras do parque eólico ou da LAT, ben na súa área de ocupación, ben na súa área de protección ou de cautela. Os 8 elementos restantes e referidos a continuación son os únicos que sofren afección indirecta:

GA27011071 Castro da Croa
GA27028171 Pena da Ermida
GA27011... Mámoa de Ferreira
GA27011... Mámoa 1 das Chousas
LB-03 - Igrexa de Labio
LB-04 - Escola da Airexe
Cruz da Chousa de Andrés
Camiño de Santiago – Camiño Primitivo

O estudo de afección ao patrimonio cultural (anexo 9) incorporado ao EIA indica que as infraestruturas do proxecto eólico Monte Coutado non teñen unha afección directa aos xacementos arqueolóxicos nin ás súas áreas de protección (integral ou cautelar), porén non é certo. O aeroxerador L8-04 e parte da subestación do parque sitúase dentro da área de protección cautelar da mámoa GA27028170 Monte da Medorra (como se ve na imaxe) e outros aeroxeradores (L8-01, L8-03, L8-09) solapan a súa área de protección eólica coa área de protección cautela dos xacementos (Mámoa de Monte Fontela 1, Mámoa de Monte Fontela 2, Mámoa de Outeiro do Can 1, Mámoa de Outeiro do Can 2, Mámoa de Outeiro do Can 3, Monte Castelo) o que podería desprazar cara ao exterior das áreas de protección eólica e o interior das áreas de protección arqueolóxica a presión da actividade antropoxénica.

O aeroxerador L8-04 sitúa o vial e gabias para os cabos a menos de 100 metros do xacemento Mámoa do Monte da Medorra, e a menos de 200 metros deste mesmo xacemento atópase a subestación e tamén o L8-03 e o seu acceso. Esta mámoa atópase especialmente afectada polo proxecto eólico, porén as medidas correctoras son insuficientes para garantir a súa preservación.

Tamén o L8-09 está moi próximo ao asentamento fortificado Monte Castelo, por cuxa área de protección se verá afectada pola plataforma do muíño eólico, vial e gabias dos cabos. A Mámoa de Fompedriña tamén se vería afectada a uns 100m pola torre meteorolóxica, o vial e as gabias para os cabos do L8-08 e do L8-09. Porén, contrario á lóxica, non se consideran necesarias medidas correctoras concretas.


En canto ao trazado da LAT afecta directamente a área de cautela da Mámoa 2 das Chousa e da Mámoa 3 das Chousas. Os apoios 32 e 33 e o novo acceso á 33 da LAT

pode afectar á preservación da Mámoa 8 da Serra de Monciro e da Mámoa 9 da Serra de Monciro.

As medidas correctoras que se propoñen na memoria non deixan de ser medidas formuladas de forma xenérica, que se limitan na súa maior intensidade ao control arqueolóxico presencial a un balizado que, co tempo, podería desaparecer.

Por outra banda, non se consideran na Avaliación de Impacto Ambiental as afeccións a outros elementos culturais afectados que se atopan dentro da poligonal do parque e que nin tan sequera se mencionan.

Chama poderosamente a atención que se **desbota calquera afección do proxecto eólico Monte Coutado sobre o Camiño Primitivo de Santiago** que trancorre en paralelo ao trazado do parque eólico ao sur do mesmo, e a tan só 1,4 km da poligonal do parque eólico. Os efectos directos, tanto paisaxísticos como visuais, e incluso acústicos, que o parque eólico pode exercer sobre o Camiño de Santiago son de necesario estudo e consideración, como Ben de Interese Cultural e Patrimonio da Humanidade. Esta falta de avaliación supón unha enorme deficiencia do estudo de impactos sobre o patrimonio cultural.






Monte Coutado e Moncira desde o Camiño de Santiago.

Por outra banda, tampouco se analiza o impacto sinérxico sobre o patrimonio cultural do concello de Castroverde derivado da acumulación de proxectos eólicos no seu termo municipal (9 autorizados e en tramitación). Algúns dos elementos patrimoniais do concello máis significativos que non se mencionan:

- Igrexa prerrománica de Soutomerille (San Salvador), Igrexa de Gondar,...
- Casas Torres de Arriba e de Abaixo, Casa do Ferreiro,
- Pena Branca, Pico do Outeiro, Pena da Ruza, Pena do Campanario,...
- Croa de Soutomerille, Castro Peón, Castro de Gondar, Castro da Pallota...



Como xa dixemos, tampouco se avalía a afectación sobre a ruta de sendeirismo Montecubeiro-Barredo, que transcorre desde o alto de Monte Coutado cara á Meda e viceversa: <https://gl.wikiloc.com/rutas-sendeirismo/montecubeiro-barredo-castroverde-lugo-39219465>

Por último debemos indicar que non se fai avaliación algunha do impacto do proxecto eólico sobre o patrimonio cultural inmaterial. De feito, **a súa denominación como Monte “Coutado” xa deturpa a realidade lingüística e cultural do monte**, pois a súa denominación exacta é “Monte Coutado”. Este tipo de proxectos industriais con especial impacto sobre o territorio e con vocación de permanencia no tempo deberían respectar de xeito especial os topónimos e as denominacións orixinais dos elementos naturais e patrimoniais. Por anto, o EIA do proxecto é incompleto e inexacto en canto ao estudo do patrimonio cultural inmaterial e o uso dos topónimos.

DÉCIMA.- Sobre a proximidade dos aeroxeradores a núcleos de poboación e sobre o impacto acústico e lumínico previsto.

A normativa vixente do Plan Sectorial Eólico de Galiza en materia de distancia a vivendas dispón o que segue:

III.- ESTUDO DE INCIDENCIA TERRITORIAL

3.1. NÚCLEOS DE POBOACIÓN

Dentro das áreas de potencial eólico, correspondentes á revisión deste Plan, hai máis de 1.906 núcleos de poboación, distribuídos en 967 delimitados, 929 non delimitados e 10 centros urbanos, que aparecen segundo o tipo de planeamento como:

- **Solo non urbanizable de núcleo rural**
- **Solo de núcleo rural**
- **Núcleo sen delimitar en planeamento**
- **Solo urbano**

Se ben, como se xustifica no anexo V, a 200 m. dun aeroxerador non se producen xa molestias por ruído, a distancia ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable sectorializado, será como mínimo de 500 m.

No proxecto eólico falta a análise detallada do impacto socioeconómico pola proximidade dos aeroxeradores a núcleos de poboación e vivendas illadas. O Plan Sectorial Eólico de Galicia, como vimos, establece unha distancia mínima de 500 metros ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable sectorializado. Aínda que o proxecto xustifica manter esta distancia, tanto a Rede de Autoridades Ambientais como a Zonificación Ambiental para enerxías renovables do Ministerio establecen outros obxectivos.

A revisión do Plan Sectorial Eólico de Galicia, no ano 2002, xa se refería a que “hoxe en día existen alternativas comerciais de aeroxeradores de 1.500 kW e atópanse en fase de desenvolvemento máquinas de 3.000 kW, polo que se prevé que a súa evolución continúe cara á aeroxeradores de maior potencia”. Resulta obvio que a proposta de instalación de 9 aeroxeradores de 3,5 MW cada un de potencia nominal unitaria, de 223 metros de altura e 138 metros de diámetro de rotor, afástase significativamente daquelas condicións determinadas pola tecnoloxía de aeroxeradores empregada no ano 2002.

A propia Administración pública recoñeceu recentemente, a través das novas disposicións legais, o grave impacto que implica para a poboación civil vivir a poucos metros dun aeroxerador de grandes dimensións. De feito, na disposición adicional quinta da Lei de acompañamento dos orzamentos da Xunta para 2022 (Lei 18/2021 do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas) inclúese unha modificación da distancia que deben gardar os muíños de vento industriais, en función da súa altura. Segundo esta modificación, os aeroxeradores para os que se solicite autorización a partir do 20 de outubro de 2021 terán que respectar unha distancia mínima ás vivendas que supoña multiplicar por 5 as dimensións do aparello. Isto é, que para a Xunta de Galicia, actualmente, unha distancia razoable sería apartar 1,115 km das vivendas aqueles aeroxeradores que teñan 223 m de altura ata a punta da aspa, no caso que nos ocupa.

Como medio para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo, a distancia dos aerogeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aerogerador (buxe máis pa).

Estes requisitos de distancias serán aplicables ás solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos cuxa implantación se proxecte no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Porén, non se aplican estas cautelas no caso do PE Monte Coutado. A menos de 1115 metros dos eólicos do parque sitúanse os seguintes núcleos de poboación:

- **Prateiro, a 668 m**
- **Barredo, a 1014 m**
- **O Couto, a 653 m**

E a uns 2 km ou menos tamén se atopan os núcleos de Vilaxurxo, Casa da Veiga, A Airexe, A Meda, Vilachá, Labio, O Seixo, Segade, Vilafrío e Córneas. Da LAT atópanse especialmente preto A Meda e Córneas, de Castroverde.


A proximidade dos aerogeradores aos núcleos de poboación, dada a súa dimensión e potencial de contaminación acústica e lumínica, representa un grave prexuízo non só para o benestar e a saúde da poboación, senón tamén para o valor patrimonial dos inmobles, as actividades económicas, o reto demográfico ou o emprendemento. As instalacións eólicas condicionarán a súa actividade económica eminentemente agraria e forestal, e á actividade comuneira do montes veciñais.

Por outra banda, o EIA non analiza o impacto do proxecto sobre outros núcleos que fican dentro da poligonal, aínda que máis afastados das máquinas.

A uns 6 km de distancia ao suroeste do parque atópase a cidade de Lugo, na que actualmente viven unhas 98.000 persoas, e a outros 6 km ao leste está a vila de Castroverde, na que actualmente viven uns 2.600 habitantes, polo que podemos asegurar que máis de 50.000 vivendas se verían afectadas polo impacto visual do parque eólico Monte Coutado, e varios centos polo impacto acústico e sombreado intermitente dos muíños eólicos pola noite.

Polo que se refire á avaliación do impacto acústico, inclúense na documentación de referencia cadros de illamentos mínimos a ruído aéreo entre estancias e entre as mesmas e a fachada de edificios como referencia, aínda que as vivendas obxecto desta análise

de impacto, dada a súa antigüidade, previsiblemente non estarán preparadas para o efecto independentemente ao uso, o cal debería ser considerado a efectos de calcular o nivel de ruído orixinado polos aeroxeradores que se pretende colocar nas devanditas estancias.



O nivel de illamento de fachada ás diferentes estancias pode ser, pois, e previsiblemente será, inferior aos mínimos reflectidos nas táboas de referencia. Tampouco se evidencian os rangos de frecuencia do espectro de ruído dadas as diferentes sensibilidades das persoas e nivel de molestia asociada, tanto no interior de vivenda/edificación como en actividades no exterior (agricultura, gandería, etc).

A afectación en canto a percepción real dos efectos negativos a nivel acústico orixinado polos aeroxeradores propostos estaría, pois, enmascarada por valores superiores ao nivel real de ruído ambiente. En lugar de partir de tales premisas fraudulentas, debería achegar cálculo xustificativo ou medidas dos niveis reais de ruído e a súa variación ao longo do día e ano.

Os niveis de ruído estimados, orixinados segundo a distribución xeográfica dos aeroxeradores, parten de considerar valores medios ponderados, aínda que para determinadas condicións e localizacións, dada a proximidade dalgúns xeradores, pode haber fluctuacións á alza de nivel en certos intervalos espectrais por interferencia construtiva entre as diferentes emisións acústicas dos mesmos.

Non se evidencia no estudo o equilibrio de nivel entre as compoñentes espectrais dentro do espectro de emisión de ruído dos aeroxeradores. Existe normativa acústica de referencia, onde non se permiten variacións de nivel nun determinado intervalo espectral superior a un umbral determinado a partir dos niveis doutros intervalos extremos (representación espectral a 1/3 oitava).

No estudo, en fin, non se xustifica nin evidencia o nivel de ruído de caso peor (o máximo) en canto a potencia máxima do grupo de aeroxeradores e velocidade de xiro do rotor fronte á acción do vento (nas súas diferentes velocidades, direccións e ángulo de ataque relativo ao plano do rotor do aeroxerador) ao longo do ano.

UNDÉCIMA.- Grave afectación ás explotacións agro-gandeiras e forestais, así como a montes veciñais en man común.


O Estudo de Impacto Ambiental non analiza o impacto, económico e social, sobre os montes e as explotacións agrogandeiras na área de afección do proxecto. Cómpre poñer de manifesto que dita eiva resulta singularmente significativa e grave, toda vez que os rendementos agrogandeiros e madeiros constitúen a súa principal fonte de ingresos para as economías das familias locais, podendo conlevar a efectiva implantación do proxecto de parque eólico unha afección severa para moitas explotacións gandeiras e forestais.

A instalación dos aeroxeradores, das súas infraestruturas de evacuación e dos distintos accesos e viais implica neste ámbito unha serie de consecuencias directas de grande relevancia: fragmentación das explotacións, perda de base territorial, perda de ingresos das familias, ou perda de ingresos na cadea de valor dos sectores e subsectores afectados (empresas de silvicultura, serradoiros, carpinterías, de transformación, etc.).

Tal e como recolle a Lei 7/2012, de Montes de Galicia, o monte é un sector estratéxico da economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático. O demérito que dende esta perspectiva se producirá, no caso de instalarse un parque eólico da dimensión pretendida, queda fóra de calquera dúbida razoable.

Cabe facer unha especial consideración ás repercusións que esta fragmentación e ocupación de predios agrarios e forestais (por infraestruturas industriais) terán sobre aquelas explotacións agro-forestais que se adscriben aos obxectivos da Política Agraria Común (PAC) e que están dentro da poligonal do parque, xa que a súa viabilidade económica pode verse seriamente comprometida, habendo conta de que haberá solo

que pasará a ter consideración de solo rústico de protección de infraestruturas, é dicir, pasará a ter un carácter eminentemente industrial.



Por outra banda, a poligonal eólica ocupa terreos de ata 8 comunidades de montes veciñais en man común (Amorín, Carquexeiros, Labio, Monciro, San Fitorio, Salgueiros, Contada e Pena da Sarna), situándose todos os aerogeneradores, e gran parte da LAT en montes veciñais, o que pon en risco a permanencia da utilidade pública destes montes, cuestión que non avalía explicitamente no proxecto exposto a información pública.

Tamén se ha de resaltar, que a zona de protección eólica que se establece arredor de cada aerogenerador e nas zonas de servidume das demais infraestruturas esixirá aos propietarios forestais, nomeadamente, manter limpo e sen arboredo tales perímetro sen que esas perdas produtivas se teñan que ver oportunamente compensadas, o que ocasiona un prexuízo insalvable para a veciñanza afectada.

A masa forestal que haberá que eliminar directamente por mor das instalacións do parque e da LAT é moi significativa, correspondendo a unha superficie aproximada de 100 Ha de superficie de uso agropecuario e forestal, entre carballeiras, frondosas autóctonas, plantacións alóctonas, matogueira ou terras de cultivo.

Por outra banda, a pesar de que o proxecto de produción eólico prevé producir unha media bruta de 112.111 MWh/ano, ningunha das familias dos municipios afectados se

beneficiará directamente desta produción eléctrica, xa que non se agarda ningún tipo de compensación ou bonificación na factura da luz, nin se permite a súa participación nos beneficios.

DECIMOSEGUNDA.- Falta de identificación das parcelas afectadas e sobredimensionamento da poligonal do parque.

O Estudo de Impacto Ambiental non identifica nin xeoposiciona as parcelas afectadas polo proxecto, o cal abarca desde as ocupacións/afeccións temporais necesarias para a fase de construción (plataformas, viarias, etc.), as liñas de evacuación soterradas ou aéreas (gabias, cimentacións, etc.), a fase de funcionamento (accesos, voo, etc.), e a fase de desmantelamento. A falta destes datos implica, de novo, que se xere unha situación de indefensión para os titulares das parcelas catastrais, unicamente salvable se o trámite de información pública se evacúa con indicación concreta de bens afectados.

DÉCIMOTERCEIRA. Falta de permiso de conexión á Rede Eléctrica de España.

Segundo se indica no EIA do proxecto, este aínda non conta con permiso de conexión porque estaba "***pendiente la obtención del Informe de Condiciones Técnicas de Conexión (ICCTC) por parte del Transportista (REE) a la fecha de redacción del presente documento***". Polo tanto, non procede someter este proxecto e EIA a exposición pública, mentres non se dispoña do devandito permiso.

En base ao anteriormente exposto,

SOLICITO que tendo por presentadas estas alegacións, se lles dea o trámite oportuno e, en virtude do exposto, se proceda a resolver negativamente os procedementos de solicitude de autorización administrativa previa do Proxecto Eólico Monte Coutado e as súas infraestruturas de evacuación, considerando a tal efecto as afeccións ambientais concorrentes, así como o resto de consideración manifestadas no presente escrito.

En....., adede 2022.

Asdo: